



XUNTA
DE GALICIA

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024

INSTRUCCIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

PRESIDENTES/AS DAS XUNTAS ELECTORAIS

Aprobadas por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de decembro de 2023





ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
<i>INSTRUCCIÓN</i>	5
GRATIFICACIÓNS, RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS	5
GRATIFICACIÓNS ÁS PERSOAS QUE INTEGRAN AS XUNTAS ELECTORAIS PROVINCIAIS E DE ZONA.....	5
RETRIBUCIÓNS AO PERSOAL COLABORADOR DAS XUNTAS ELECTORAIS PROVINCIAIS E DE ZONA	6
INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS DE LOCOMOCIÓN	6
GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO	7
DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE REMITIR PARA O ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓNS E INDEMNIZACIÓNS.....	8
<i>IMPRESOS</i>	9
IMPRESOS QUE VAN RECIBIR AS XUNTAS ELECTORAIS	9
IMPRESOS ELECTORAIS QUE VAN RECIBIR AS XUNTAS ELECTORAIS PROVINCIAIS	9
IMPRESOS ELECTORAIS QUE VAN RECIBIR AS XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA.....	11
<i>ANEXOS IE-PXE</i>	14





INTRODUCCIÓN

A convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia require dun importante esforzo técnico-administrativo que permita afrontar con garantías o desenvolvemento da totalidade do proceso no seu conxunto, tanto nas fases previas, nas posteriores, como, primordialmente, no día de realización do sufraxio. A complexidade das actuacións incrementase pola necesidade de coordinar adecuadamente, nun prazo moi limitado, a participación no proceso de elementos pertencentes a distintas administracións públicas.

Conforme o preceptuado nos artigos 13.2 e 22.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), e artigos concordantes da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia ten que pór á disposición das xuntas electorais os medios persoais e materiais necesarios para o exercicio das súas funcións e, así mesmo, ten que fixar as axudas de custo e gratificacións correspondentes ás persoas que integran as xuntas electorais e ao persoal ao seu servizo. De acordo coa dita normativa, e en consonancia co Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, o Decreto 153/2023, do 28 de decembro, establece as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, e o Decreto 154/2023, do 28 de decembro, fixa as gratificacións e indemnizacións que percibirán as persoas que integran a Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os/as xuíces/zas de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia acorda, a través do Consello de Goberno, a necesidade de elaborar un marco en que se regulen de maneira detallada as seguintes actuacións:

- O procedemento de aboamento das gratificacións e das indemnizacións ás persoas que integran as xuntas electorais, así como ao persoal colaborador ao seu servizo.
- O procedemento de dotación dos medios materiais necesarios para o correcto exercicio das súas funcións.
- O procedemento relativo aos documentos relacionados cos puntos anteriores.

Polas razóns expostas, o procedemento que se configura pretende acadar, ademais de establecer os máximos niveis de coordinación coas xuntas electorais, que a dotación de medios anteriormente mencionados sexa efectuada o antes posible, para evitar prexuízos que impidan o correcto funcionamento das xuntas electorais.



Por todo isto, e desde esta responsabilidade, elaboráronse as presentes **instrucións** co obxectivo último de acadar unha mellor coordinación entre esa administración electoral e esta administración autonómica que permita, unha vez iniciado o proceso electoral, que este se desenvolva con total e absoluta normalidade.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso



INSTRUCCIÓN

GRATIFICACIÓNS, RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS

O Decreto 154/2023, do 28 de decembro, polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán as persoas que integran a Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os/as xuíces/zas de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, determina no seu artigo 2 as cantidades que deben ser aboadas ás persoas que integran as xuntas electorais provinciais e de zona, así como ao persoal colaborador ao seu servizo, polo desempeño das súas funcións durante as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

GRATIFICACIÓNS ÁS PERSOAS QUE INTEGRAN AS XUNTAS ELECTORAIS PROVINCIAIS E DE ZONA

As persoas que integran as xuntas electorais provinciais teñen dereito, polo desempeño das súas funcións nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, ás seguintes gratificacións:

Persoas que integran a Xunta Electoral Provincial	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Presidente/a	3.230,00 €	2.945,00 €	2.945,00 €	3.230,00 €
Secretario/a	3.040,00 €	2.755,00 €	2.755,00 €	3.040,00 €
Vogais xudiciais e delegado/a OCE ⁽¹⁾	1.425,00 €	1.330,00 €	1.330,00 €	1.425,00 €
Vogais non xudiciais	807,50 €	712,50 €	712,50 €	807,50 €

(1) OCE: Oficina do Censo Electoral

Por outra banda, as persoas que integran as xuntas electorais de zona percibirán, como gratificación polo desempeño das súas funcións neste proceso electoral autonómico, as seguintes cantidades:

Persoas que integran as xuntas electorais de zona	Importe
Presidentes/as	2.422,50 €
Secretarios/as	2.232,50 €





Persoas que integran as xuntas electorais de zona	Importe
Vogais xudiciais	1.007,00 €
Vogais non xudiciais	617,50 €

O dereito ás gratificacións sinaladas neste punto nacerá desde o momento en que se tome posesión do cargo correspondente e enténdese referido á totalidade do tempo en que as respectivas xuntas electorais cumpran as súas funcións, desde a súa constitución ata que conclúan o seu mandato, por expiración do prazo legal, de conformidade co disposto no artigo 15.2 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

No suposto de que o período do desempeño do cargo dalgunha das persoas que a integran sexa inferior ao mandato legal da xunta electoral respectiva, terá dereito exclusivamente a unha cantidade proporcional ao tempo efectivo do desempeño do cargo.

O aboamento destas gratificacións realizarase unha vez acreditado o seu dereito a percibir a totalidade ou ben a parte proporcional que corresponda, mediante a certificación segundo o modelo anexo I destas instrucións, ao cal deberá achegarse o anexo III debidamente cuberto e asinado.

RETRIBUCIÓNS AO PERSOAL COLABORADOR DAS XUNTAS ELECTORAIS PROVINCIAIS E DE ZONA

Para remunerar os servizos extraordinarios realizados fóra do horario habitual de traballo, prestados polo persoal colaborador das xuntas electorais provinciais e de zona, asignarase a cantidade de 47,50 euros por cada unha das mesas que efectivamente se constituían na respectiva provincia máis unha achega adicional de 4.465,00 euros ás provincias de Lugo e Ourense.

O importe resultante a nivel provincial terá carácter limitativo e será repartido pola Xunta Electoral Provincial entre todas as xuntas electorais existentes na provincia. A dita repartición será comunicada á Vicesecretaría Xeral da Secretaría Xeral da Presidencia.

Para poder participar como persoal colaborador das xuntas electorais provinciais e de zona será precisa a súa pertenza como empregado público a calquera das administracións públicas.

Para os efectos do correspondente aboamento destes servizos, os/as secretarios/as de cada unha das xuntas electorais expedirán un certificado (utilizando o modelo do anexo II) en que indiquen que os servizos prestados foron realizados fóra da xornada habitual de traballo, que deberá ser remitido xunto co anexo III debidamente cuberto e asinado por cada un dos perceptores.

INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS DE LOCOMOCIÓN

Con cargo a este punto sufragaranse os gastos de desprazamento das persoas que integran as xuntas electorais, así como dos/das xuíces/xuízas, a que se fai referencia no artigo 101.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.





O procedemento para o aboamento variará, dependendo do perceptor, de acordo co que se establece a continuación:

a) Persoas que integran as xuntas electorais

Cando as persoas que integran as xuntas, para asistiren ás reunións regulamentariamente convocadas, teñan que desprazarse fóra do municipio da súa residencia habitual, seranlles aboados integramente os gastos de locomoción e, se utilizan o seu vehículo particular, aboaráselles cada quilómetro percorrido a razón de 0,26 euros.

Se ao efectuar o desprazamento se fai todo ou parte do percorrido por autoestrada de peaxe, será indemnizable o gasto da peaxe, que se deberá acreditar coa presentación do xustificante que verifique a súa realización. Igual consideración terán os gastos de aparcamento que sexa necesario sufragar para acudir á Xunta Electoral de Zona correspondente.

Polas viaxes realizadas, cubrirase un exemplar do anexo IV desta instrución.

O aboamento destas cantidades efectuarase mediante unha transferencia bancaria, de acordo cos datos facilitados pola persoa interesada no anexo III.

b) Xuíces/xuízas de primeira instancia ou de paz a que alude o artigo 101.3 da LOREX.

Os/as xuíces/xuízas de primeira instancia ou de paz percibirán, en concepto de indemnización, a cantidade de 58,90 euros máis os gastos de locomoción que lles ocasione o desprazamento á sede da Xunta Electoral Provincial que deba realizar o escrutinio, para a entrega da documentación electoral.

Se ao efectuar o desprazamento se fai todo ou parte do percorrido por autoestrada de peaxe, será indemnizable o gasto da peaxe, que se deberá acreditar coa presentación do xustificante que verifique a súa realización. Igual consideración terán os gastos de aparcamento que sexa necesario sufragar para acudir á Xunta Electoral de Zona correspondente.

Polas viaxes realizadas, cubrirase un exemplar do anexo V desta instrución.

O aboamento destas cantidades efectuarase mediante unha transferencia bancaria, de acordo cos datos facilitados pola persoa interesada no anexo III desta instrución.

GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

O Decreto 154/2023, do 28 de decembro, polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán as persoas que integran a Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os/as xuíces/zas de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, determina no seu artigo 2, punto 5, que a Xunta de Galicia, co obxecto de dar obrigado cumprimento ao preceptuado na normativa electoral vixente, porá á disposición das xuntas electorais os medios materiais necesarios para o exercicio das súas funcións.





Neste sentido, e con cargo a este punto, aboaranse todos aqueles gastos de natureza material que resulte necesario efectuar para o normal funcionamento desa administración electoral.

Nesta posta á disposición de medios deben terse moi presentes as dúas circunstancias que concorren na Administración electoral:

- Carácter temporal da súa vixencia.
- A pertenza, da maioría das persoas que a integran, á Administración de xustiza, dotada de medios permanentes susceptibles de ser utilizados.

Ambas as dúas características levan á conveniencia de que, por razóns de economía de medios, cando sexa posible se utilicen aqueles medios materiais que sexan de titularidade dalgunha das administracións públicas.

Dentro desta epígrafe prevese a estimación dunha achega máxima de 6.300 euros por Xunta Electoral Provincial e 4.050 euros por Xunta Electoral de Zona.

As cantidades fixadas no parágrafo anterior son por conta da Xunta de Galicia e establécense con base no previsto no artigo 13.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, sen que menoscabe a obriga que pesa sobre outras administracións e que se encontra establecida no citado precepto.

As xuntas electorais provinciais e as xuntas electorais de zona remitirán, ao Servizo de Xestión Económica da Secretaría Xeral da Presidencia, as facturas que por este concepto se xeren, debidamente conformadas, para o seu aboamento.

Para finalizar, e en relación con este punto, cómpre mencionar o feito de que a Xunta de Galicia está en disposición de ofrecer ás xuntas electorais provinciais o soporte informático necesario para facilitar as actuacións derivadas do cumprimento do disposto no artigo 103 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, en relación co disposto no artigo 37 bis da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Neste sentido, e no caso de que desde a Administración electoral se entenda necesario dispor deste soporte informático, deberá poñelo en coñecemento da Vicesecretaría Xeral da Secretaría Xeral da Presidencia o antes posible co obxecto de poder levar a cabo as accións necesarias para facilitar o dito servizo.

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE REMITIR PARA O ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓNS E INDEMNIZACIÓNS

A documentación xerada para levar a cabo os pagamentos recollidos nesta instrución (anexos I, II, III e IV, así como as facturas), debidamente asinada ou conformada dixitalmente, segundo corresponda, deberá ser remitida mediante a aplicación informática habilitada para o efecto ou ben dirixida a través do Rexistro electrónico ao Servizo de Xestión Económica da Secretaría Xeral da Presidencia.

No caso de que os documentos requiridos non se asinen mediante sinatura electrónica, deberán facerse chegar ao devandito Servizo de Xestión Económica da Secretaría Xeral da Presidencia os documentos orixinais en formato papel.





IMPRESOS

IMPRESOS QUE VAN RECIBIR AS XUNTAS ELECTORAIS

O Decreto 153/2023, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, constitúe o marco regulamentario que regula os impresos electorais que serán de utilización obrigatoria en todos os trámites e operacións nestes comicios autonómicos.

IMPRESOS ELECTORAIS QUE VAN RECIBIR AS XUNTAS ELECTORAIS PROVINCIAIS

a) Impresos relacionados coa presentación e proclamación de candidaturas

Conforme o disposto polo artigo 13.2 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, a Xunta de Galicia porá á disposición desa xunta electoral provincial os impresos relativos á presentación e proclamación de candidaturas que abaixo se relacionan:

CÓD.	DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
EPG 3.1	Comunicación da constitución da coalición electoral (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 3.2	Comunicación por unha xunta electoral á Xunta Electoral de Galicia (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 3.3	Presentación de candidatura ao Parlamento de Galicia (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 3.4	Presentación de candidatura ao Parlamento de Galicia por agrupación de electores (folla de sinaturas) (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 10	Credencial de deputado/a do Parlamento de Galicia	XEP	O antes posible

Impresos de nomeamentos de apoderados





A teor do establecido no artigo 35.2 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, esta administración autonómica facilitará á Xunta Electoral Provincial os impresos que permitan cumprir co disposto nese artigo.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
EPG 6.3.a.	Matriz de nomeamento de apoderados (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 6.3.b.	Credencial do nomeamento de apoderados (versión dixital)	XEP	O antes posible

Impresos relacionados co escrutinio xeral

Atendendo ao feito de que as xuntas electorais provinciais serán as encargadas, tal e como estipula o artigo 37.bis.1 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, de levar ao cabo o escrutinio xeral das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, na súa circunscrición, a Xunta de Galicia proverá esa administración electoral dos impresos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

CÓD.	DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
EPG 9.1	Acta de constitución da Xunta para o escrutinio xeral (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 9.2	Acta de escrutinio (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 9.3	Acta da/s sesión/s do escrutinio (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 9.4	Acta de constitución da mesa electoral para o escrutinio de votación dos residentes ausentes no estranxeiro (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 9.5	Acta de escrutinio para a votación dos residentes ausentes no estranxeiro (versión dixital)	XEP	O antes posible
EPG 9.7	Acta de proclamación (versión dixital)	XEP	O antes posible





IMPRESOS ELECTORAIS QUE VAN RECIBIR AS XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA

a) Impresos relacionados coa formación das mesas electorais

Con base no preceptuado no artigo 26.1 de la Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, segundo o cal "a formación das mesas compete aos concellos, baixo a supervisión das xuntas electorais de zona", a Xunta de Galicia, co obxecto de establecer os máximos niveis de colaboración e entendemento entre as xuntas electorais de zona e os concellos adscritos a elas, entende necesario incluír, neste punto, todos os impresos relacionados coa formación das mesas electorais, o que permitirá acadar unha mellor coordinación.

CÓD.	DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
EPG 5.1	Lista de electores capacitados para presidentes e suplentes (versión dixital)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.2	Lista de electores capacitados para vogais e suplentes (versión dixital)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.3	Comunicación dos concellos á xunta electoral de zona correspondente, da formación de mesas electorais (versión dixital)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.4.a.	Nomeamento de persoas que integran as mesas (impreso múltiple de catro follas)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.4.b.	Xustificante de recepción do nomeamento polo/a interesado/a	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.4.c.	Comunicación de datos de identificación ao/á xuíz/a	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.4.d.	Comunicación datos identificación (copia)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.5	Sobre para a remisión da notificación ás persoas que integran as mesas electorais	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.6	Comunicación aos xuíces de primeira instancia ou de paz da composición das mesas electorais (versión dixital)	XEZ	31 días antes do sufraxio





EPG 5.7	Citación definitiva ás persoas que integran as mesas electorais	XEZ	31 días antes do sufraxio
	Manual para as persoas que integran as mesas	Concellos	31 días antes do sufraxio

b) Impresos de nomeamento de interventores e apoderados

En virtude do establecido nos artigos 33 e 35 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, esta administración autonómica facilitará ás xuntas electorais de zona os impresos que permitan cumprir co disposto neses artigos.

CÓD.	DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
EPG 6.1.a.	Matriz de nomeamento de interventores (versión dixital)	XEZ	O antes posible
EPG 6.1.b.	Credencial do nomeamento de interventores (versión dixital)	XEZ	O antes posible
EPG 6.1.c.	Comunicación ao/á presidente/a da mesa electoral de votación da cal forma parte (versión dixital)	XEZ	O antes posible
EPG 6.1.d.	Comunicación ao/á presidente/a da mesa electoral de votación da lista electoral en que figura inscrito/a (versión dixital)	XEZ	O antes posible
EPG 6.2	Sobre que se dirixirá ao/á presidente/a da mesa para a remisión de copia da credencial do nomeamento de interventores	XEZ	O antes posible
EPG 6.3.a.	Matriz de nomeamento de apoderados (versión dixital)	XEZ	O antes posible
EPG 6.3.b.	Credencial do nomeamento de apoderados (versión dixital)	XEZ	O antes posible

Para finalizar, e sen menoscabo de futuras comunicacións entre as xuntas electorais de zona e esta administración autonómica, co obxecto de prever as contingencias que aparecen reflectidas no artigo 84.4 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, a Xunta de Galicia fará entrega, a esa administración electoral, dun número suficiente de papeletas e sobres que permita evitar calquera tipo de incidencia que poida perturbar o normal e correcto



funcionamento da xornada electoral, así como garantirlle á cidadanía o libre exercicio do seu dereito ao voto.





XUNTA
DE GALICIA

ANEXOS IE-PXE



ANEXO I: CERTIFICACIÓN PERSOAS QUE INTEGRAN AS XUNTAS ELECTORAIS

Don/Dona _____, secretario/a da Xunta
Electoral Provincial/de Zona de _____

CERTIFICO:

Que o persoal que se detalla prestou servizos no proceso de eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, na condición que se sinala e nos períodos expresados:

NIF	APELIDOS E NOME	PERÍODO		PERSOAL ¹
		DESDE	ATA	

E para que conste ante a Xunta de Galicia, para os efectos do seu aboamento, asino este certificado na data da súa sinatura dixital / En _____, o _____ de _____ de 2024

(Sinatura)

(Vº e prace)

¹ Indíquese: presidente/a, secretario/a, vogal xudicial, vogal non xudicial, delegado/a da OCE.



ANEXO II: CERTIFICACIÓN DE SERVIZOS PERSOAL COLABORADOR

Don/Dona _____, secretario/a da Xunta Electoral
Provincial/de Zona de _____

CERTIFICO:

Que o persoal colaborador que se detalla prestou servizos con carácter voluntario, fóra da súa xornada habitual de traballo, por requirimento desta xunta no proceso de eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, nos períodos e polos importes expresados:

RELACIÓN DE PERSOAL COLABORADOR

NIF	APELIDOS E NOME	PERÍODO		IMPORTE ÍNTEGRO
		DESDE	ATA	

E para que conste ante a Xunta de Galicia, para os efectos do seu aboamento, asino este certificado na data da súa sinatura dixital / En _____, o _____ de _____ de 2024

(Sinatura)

(Vº e praxe)



ANEXO III: DATOS PERSOAIS E BANCARIOS

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome:		NIF
Enderezo:		
CP:	Localidade:	

DATOS BANCARIOS

TITULAR:																									
IBAN - CÓDIGO CONTA CLIENTE																									

TIPO IRPF A APLICAR:

Na data da sinatura dixital / En _____, o ____ de _____ de 2024

(Sinatura)





ANEXO IV: GASTOS DE VIAXE

Don/Dona _____, integrante da Xunta Electoral Provincial/de Zona de _____ nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

DECLARO que realicei as viaxes que se detallan:

DATA DE SAÍDA	HORA DE SAÍDA	DATA DE CHEGADA	HORA DE CHEGADA	LOCALIDADE DE ORIXE	LOCALIDADE DE DESTINO	TOTAL KM PERCORRIDOS

1) Se utiliza vehículo particular:

"Realicei o desprazamento no meu vehículo particular con matrícula _____"

Importe total: 0,26 €/km x _____ km percorridos = _____ euros

Total km percorridos _____ x 0,26 €/km = _____ euros

Total peaxe (achéguese xustificantes) = _____ euros

Total aparcamento (achéguese xustificantes) = _____ euros

TOTAL desprazamento = _____ euros

2) Se utiliza taxi (deberá achegar recibo detallado dos servizos realizados):

Importe do/s recibo/s: _____ euros

Na data da sinatura dixital / En _____, o ____ de _____ de 2024

A PERSOA QUE DECLARA (Sinatura)

CERTIFICADO

Don/Dona _____, secretario/a da Xunta Electoral Provincial/de Zona de _____

CERTIFICO:

Que o/a declarante asistiu á/s reunión/s que esta xunta electoral mantivo o/s día/s _____

Na data da sinatura dixital / En _____, o ____ de _____ de 2024

(Sinatura)





ANEXO V: GASTOS DE VIAXE XUÍCES DE PRIMEIRA INSTANCIA OU PAZ

Don/Dona _____, xuíz/a de Primeira Instancia/de Paz de _____

DECLARO que realicei as viaxes que se detallan:

DATA DE SAÍDA	HORA DE SAÍDA	DATA DE CHEGADA	HORA DE CHEGADA	LOCALIDADE DE ORIXE	LOCALIDADE DE DESTINO	TOTAL KM PERCORRIDOS

1) Se utiliza vehículo particular:

Realicei o desprazamento no meu vehículo particular con matrícula _____

Importe total: 0,26 €/km x _____ km percorridos = _____ euros

Importe total: 0,26 €/km x _____ km percorridos = _____ euros

Total km percorridos _____ x 0,26 €/km = _____ euros

Total peaxe (achéguese xustificantes) = _____ euros

Total aparcamento (achéguese xustificantes) = _____ euros

TOTAL desprazamento = _____ euros

2) Se utiliza taxi (deberá achegar recibo detallado dos servizos realizados):

Importe do/s recibo/s: _____ euros

Na data da sinatura dixital / En _____, o ____ de _____ de 2024

A PERSOA QUE DECLARA (Sinatura)

CERTIFICADO

Don/Dona _____, secretario/a da Xunta Electoral Provincial de _____

CERTIFICO:

Que o servizo a que se refire o punto 3 do artigo 101 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, foi realizado polo/a xuíz/a de Primeira Instancia ou de Paz de _____ durante os días sinalados, conforme se acredita na correspondente declaración do/da interesado/a.

Na data da sinatura dixital / En _____, o ____ de _____ de 2024

(Sinatura)

